



GUÍA PARA A AVALIACIÓN DOS TRABALLOS FIN DE GRAO
(Aprobada na Comisión do Traballo Fin de Grao do 14 de maio de 2021)

CURSO: 2021/2022

1. INFORMES DOS TITORES DE TFG:

<i>Dedicación e aprendizaxe</i>		ASPECTOS A AVALIAR
Cualificación: 0-10 Ponderación: 50%	Dedicación ao TFG	O estudante amosa interese pola tarefa que desenrola. O estudante é constante, coidadoso e revisa sistematicamente o traballo realizado. O estudante cumpre as normas (prazos, procedementos,...). Os traballos e as tarefas que realiza están completos e presentan unha estrutura e orde axeitadas.
	Aprendizaxe durante o TFG	O estudante comprende os conceptos fundamentais do traballo que realiza. O estudante coñece e utiliza adecuadamente o material de laboratorio e/ou os programas informáticos necesarios para realizar o traballo. O estudante selecciona e utiliza fontes de información relevantes, variadas, válidas e fiables. O estudante amosa capacidade para discutir e interpretar os resultados do traballo.

<i>Autonomía e iniciativa</i>		ASPECTOS A AVALIAR
Cualificación: 0-10 Ponderación: 50%	Autonomía	O estudante organiza o traballo que debe realizar e distribúe axeitadamente o tempo dispoñible. O estudante prioriza as actividades propostas de acordo cos obxectivos e a metodoloxía do traballo. O estudante elabora a memoria e a súa presentación con autonomía, tomando decisións propias.
	Iniciativa	O estudante ten iniciativa para a análise crítica de resultados e para obter conclusións. O estudante é capaz de propor aportacións complementarias e iniciativas viables e formas de avaliar as iniciativas que propón.



2. PRESENTACION E DEFENSA DO TFG (TRIBUNAIS DE AVALIACIÓN DOS TFG):

<i>Memoria</i>	ASPECTOS A AVALIAR	
Cualificación: 0-10 Ponderación: 50%	Aspectos formais	O cumprimento das normas formais establecidas. A escritura de forma ordenada, clara e que se entenda facilmente. O emprego apropiado da linguaxe científica/académica. A estrutura sintáctica e gramatical. O emprego axeitado do inglés, de ser o caso.
	Aspectos científicos	Os obxectivos propostos na memoria son concretos e están expostos axeitadamente. A metodoloxía está descrita adecuadamente e é coherente cos obxectivos propostos. Os resultados obtidos preséntanse de forma concreta na memoria e avalíanse e discútense axeitadamente. As conclusións obtense axeitadamente a partir de plantexamentos teóricos e/ou experimentais. As referencias bibliográficas introdúcense apropiadamente e manteñen o mesmo formato.

NOTA IMPORTANTE: A memoria do TFG será revisada empregando as ferramentas antiplaxio das que dispón a Universidade de Vigo.
A constatación por parte do tribunal de plaxio na memoria do TFG implicará a cualificación de suspenso na materia.

<i>Presentación e defensa</i>	ASPECTOS A AVALIAR	
Cualificación: 0-10 Ponderación: 50%	Presentación oral	A presentación está ordenada e estruturada e empréganse recursos durante a exposición (gráficos, táboas,...) que facilitan a comprensión. A presentación é coherente coa memoria escrita. A exposición oral é clara, fluída e enténdese facilmente. A exposición oral axustase ao tempo e normas establecidas. O estudante emprega con rigor a linguaxe científica/académica. O estudante emprega unha linguaxe corporal axeitada. O emprego axeitado do inglés, de ser o caso.
	Defensa	O estudante responde adecuadamente, con claridade e precisión, ás preguntas dos membros do tribunal demostrando dominio do tema presentado. O estudante pon exemplos elaborados para aclarar as súas respostas e/ou aporta datos adicionais. O emprego axeitado do inglés, de ser o caso.